

Un proxecto novo de arte impreso

□ Angela Rodicio.

ESCRITA é unha revista que ven sendo editada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, cunha periodicidade trimestral -vai coas estacións-.

E un proxecto da xornalista Margarita Ledo, quen xa fora directora do xornal galego, en galego, A Nosa Terra. Adicase esta publicación a temas literarios e concomitantes.

Este número catro do vran conta con artigos da súa directora, de A. Rodríguez Reixa, un relato sobre conferencias de Edoardo Sanguinetti; "A novela de policías e ladróns en catalán" de Jaume Fuster; por Xurxo Fernández, unha entrevista con Yehudi Menuhim, "O violín de Cremona", que escomeza decindo: "Grande foi o despertar daquél neno que un día, na mansión colonial do seu pai, médico xudeo ruso, recibiu a visita de certa amizade familiar cuíus dividendos había tempo deixaran de medirse".

Insértase na revista un suplemento adicado a moda feito por Carlos Fernández, B. Lourenco



Fondevila, Anxel Murado, F.J. Ruíz e Carlos Vales.

Outros traballos son os de M.^a José Queizán sobre "O vulgarismo na escrita galega"; de "Alain Badiou" por Francisco Sampedro quen di: "a súa tese central é a necesidade do advimento do proletariado en suxeito histórico, e de aquí, tamén que o cerne da crítica de Badiou a Althusser sexa, com-

prensiblemente, a categorización feita por este último da historia como proceso sen suxeito".

Fernando Savater colabora con un estudo sobre "Os exilios de Ulises"; Román Raña con "A espada de Li Po". Tamén se reproducen contos de Neira Vilas e Manuel Rivas.

A revista, de fonda estilización formal auna a vanguardia creativa en galega con os fins divulgadores de Literatura nova adicada a este tipo de publicacións: cortas de extensión e compostas de dúas a cinco columnas.

Do deseño gráfico e compaxinación encarrase Xurxo Fernández. Deste aspecto cabe dicir que a maioría das ilustracións son grabados ou dibuxos, con escaso huecograbado.

ESCRITA é un canal de expresión dos escritores en lingua galega e naceu como obxectivo no primeiro congreso de escritores galegos que se celebrou no Monasterio de Poio.

Cando xa saíu a rua o seu cuarto número pódese dicir que este magnífico proxecto non soio vai adiante senón a mellor.